

Finanzas en mercados internacionais

F.J. LÓPEZ LUBIÁN / P. GARCÍA ESTÉVEZ
Madrid: McGraw Hill. 2006
[210 páxinas]

Recibido: 10 de novembro de 2006

Aceptado: 19 de decembro de 2006

A globalización económica potenciou a internacionalización das empresas como única alternativa para garantir a súa supervivencia. A actuación en mercados exteriores implica novos riscos que han ser afrontados a través de estratexias complexas que deben ser implantadas e xestionadas de modo coordinado polas distintas áreas funcionais. A dirección financeira convértese nun elemento clave do éxito empresarial cando o ámbito de actuación pasa de ser local a internacional. A maior complexidade na xestión obriga ao coñecemento profundo e actualizado dos principais produtos, mecanismos e modelos financeiros que permitan controlar o risco e conseguir os obxectivos estratéxicos propostos.

Finanzas en mercados internacionais constitúe un manual que lle proporciona ao xestor financeiro dunha empresa multinacional os coñecementos básicos necesarios para unha adecuada dirección da estratexia internacional da empresa. Cunha orientación práctica e afastada de complexidade matemática, propóñense distintos mecanismos e modelos que poden ser implantados para cubrirse do risco e aproveitar as novas oportunidades de negocio internacional.

Ao longo do primeiro capítulo, López e García céntranse na análise dos novos retos que a dirección financeira dunha empresa debe asumir e conxugar adecuadamente cos seus labores tradicionais para alcanzar o éxito na xestión dos mercados internacionais. Os autores sinalan que o equipo financeiro debe conxugar unha visión equilibrada do curto e do longo prazo, apoiada por un coñecemento profuso e actualizado do mercado obxectivo. Tamén consideran imprescindible a definición dun plan estratéxico coherente e adaptado ao contexto global. Así mesmo, destácase a necesidade de que o director financeiro sexa consciente da realidade á que se enfronta a empresa, evitando unha aplicación estrita de modelos de valoración baseados en supostos a miúdo abstractos e simplificadores daquela, e mantendo un diálogo continuo e preciso cos distintos grupos de interese da empresa.

O mercado de divisas constitúe o eixe central analítico do segundo capítulo do manual, que se aborda de forma concisa pero sen deixar de lado os aspectos fundamentais. Despois de definir o concepto de divisa, os autores realizan un repaso histórico dos diferentes sistemas de cambio que se foron sucedendo na economía mundial, e que desembocaron no uso xeneralizado do sistema de tipo de cambio variable. Realízase, tamén, unha descrición dos diferentes mercados de divisas (*mayorista e minorista*) e os seus participantes; desenvólvese unha análise do tipo de cambio desde os dous puntos de vista actúantes, a perspectiva compradora e a

vendedora, á que se encontra suxeito o intercambio de divisas; e tamén se desenvolve unha presentación das principais operacións que se poden realizar nestes mercados de divisas.

No terceiro capítulo descríbense os principais mercados de capitais internacionais, seleccionados e ordenados segundo o seu tamaño, a súa liquidez e o seu grao de concentración. Trátanse tamén as principais vantaxes e barreiras asociadas ao investimento diversificado internacionalmente. Esta parte pecha coa estimación do custo e remuneración dos recursos propios, e a creación de valor en investimentos internacionais, tendo en conta os novos riscos aos que se enfronta a empresa.

A presentación dos mercados internacionais continúa, no seguinte capítulo, co mercado de débeda. A empresa pode aproveitar a súa presenza en mercados exteriores para utilizar fontes de financiamento alleo inexistentes nos mercados locais. López e García familiarizan o lector cunha ampla variedade de produtos financeiros tan só dispoñibles nos euromercados, tales como os eurocréditos, os FRA, as *euronotes*, o *papel comercial* e os *bonos internacionais*. Conclúen o capítulo explicando o funcionamento dos *swaps* de tipos de xuro, produto financeiro de gran crecemento nas últimas décadas e de especial relevancia para estes produtos de débeda que están estreitamente ligados á evolución desta variable.

Logo da presentación das principais fontes de recursos propios e alleos existentes no ámbito internacional, os seguintes capítulos abordan a análise da definición da estrutura de capital e a valoración de empresas que actúan en mercados exteriores. Un mercado obxectivo, máis amplo e global, permite que a empresa teña máis flexibilidade e opcións de diversificación na súa xestión, así como novos ou mellores xeradores de valor. Iso tamén implica a definición e implantación de estratexias máis complexas e sometidas a potenciais problemas e riscos reais de maior repercusión nos resultados. Consecuentemente, a selección do *mix* de financiamento e valoración da entidade nunha contorna global debe considerar estas novas particularidades. De feito, o manual conclúe cun capítulo integramente dedicado á descripción e análise dos principais riscos que aparecen co proceso de internacionalización, propoñendo diferentes alternativas para a súa óptima xestión.

Por último, López e García intercalan a exposición teórica dos contidos descritos con diferentes supostos prácticos, baseados en casos reais e apoiados en resolucións matemáticas sinxelas, que se complementan cunha bibliografía detallada ao termo de cada capítulo. Contribúese con isto a que o lector poida obter unha visión completa e sintetizada da operativa financeira nun contexto global, sen necesidade de profusos coñecementos previos. Así e todo, si resulta conveniente que se actualice periodicamente para recoller os novos produtos e modelos que xorden dunha industria financeira altamente dinámica. *Finanzas en mercados internacionais* constitúe unha boa referencia bibliográfica para aqueles que desexen aproximarse ao coñecemento das novas oportunidades e ameazas formuladas a unha dirección financeira que está suxeita a unha dimensión internacional de actuación.

MARÍA MILAGROS VIVEL BÚA
Universidade de Santiago de Compostela